



O Máster Oficial en Servizos Culturais autorizado mediante Decreto 51/2006, do 23 de marzo, implantou o seu primeiro curso no ano académico 2006-07. No ano académico 2007-08 implantarase o 2º curso.

Realizadas varias consultas en relación coa maneira de cursar as materias optativas do Máster e logo de recibido o informe do coordinador do mesmo, esta Reitoría

RESOLVE,

PUNTO ÚNICO.- As materias optativas deste Máster están vinculadas a curso, de tal xeito que os alumnos do 1º curso deberán realizar 12 créditos optativos (2 materias) dos 24 ofertados e os alumnos do 2º curso deberán realizar 54 créditos optativos (9 materias) de entre as materias ofertadas para o segundo curso.

Os alumnos do 2º curso poderán cursar créditos optativos do 1º curso en exceso, que non computarán dentro dos 54 necesarios para completar a optatividade do 2º curso.

Polo tanto, os alumnos poderán escoller as materias optativas seguindo unicamente os criterios arriba indicados, sen ter que realizar ou completar necesariamente a optatividade nun determinado módulo.

Santiago de Compostela 1 de outubro de 2007

O REITOR



Senén Barro Amenciro
Senén Barro Amenciro